

RADIO EXPERIMENTAL – PROGRAMA LETRAS GALEGAS 2020

PROGRAMA 2 RICARDO CALERO

PRIMAVERA DAS LETRAS

https://www.ivoox.com/radio-poesia-audios-mp3_rf_50399757_1.html

6 – Comeza “Primavera das letras”

(Música)

6 - Poemas de Ricardo Carvalho Calero

(Música de fondo para poesías)

7-

Durme, meniño, no teu berce;
durme, que os montes están cheos de neve.

Durme, meniño, no teu barrelo;

8-

durme , que os montes están cheos de medo.
Durme, meu neno. Durme, que cando sexa primavera
ti choutarás polas floridas veigas.

9: Os arrolos ou cantos de berce son cancións relaxantes que podemos utilizar para durmir aos nosos irmáns pequenos.

10-

Non llo preguntarei, non, aos pardais
nin á cachorra, nin ao paporrubio
non llo preguntarei á lavandeira

11-

que decote uns, outros de cando en cando,

ao meu terrazo acoden, comer
as miúdas migallas que lles boto.

12 : Pardais, paporrubios pero sobre todo lavandeiras son aves que podemos ver en Cedeira. Estes días que hai pouca xente na rúa asoman as súas cabeciñas a calquera hora do día.

13 -

O meu cabalo piafa no curro do castelo.
O seu casco escribe sobre o po,
sobre a area, sobre a auga, sobre a neve,
sobre o vento, poemas que eu transcrebo

14- Imaxinas un cabalo escribindo versos na auga, no vento e na neve. Máxico, verdade?

15 - A poesía serve para expresar o que sentimos, o que vemos ou mesmo o que soñamos. Para construír estes novos mundos só é preciso axitar con xeito as palabras. Inténtao. Seguro que dentro de ti hai unha voz de poeta!

16 – Ricardo Calero, cando era neno, gustábanlle moito os animais e sobre todo as aves como “As pitas baixo a chuvia”

(Música de fondo)

17: “Moito quería eu os animais. No curro pasaba unha gran parte do meu tempo ollando para as galiñas. Víaas escaravellar na terra en procura de vermes e miñocas. Botáballes o millo.”

18: “Recollía os ovos que anunciaban co seu alporizado cacarexar. Cada ave tiña un nome posto por min, e eran tan estreitas as relacións entre min e eles que nos

comunicabamos co pensamento.”

19- Tanto amor sentía o neno Ricardo por aquelas aves que un día que comezou a chover saíu veloz a socorrelas:

20: “Como ía deixar que a auga podrecese os ósos dos pobres animais? Quizais os catarros, as pulmonías, o reuma non existían para as galiñas? O meu pai dicía que as súas plumas eran impermeables, mais isto non o podía crer eu”

21 - Todos e todas temos un lugar onde nos sentimos felices e libres. Pois o de Ricardo Calero era unha casa preto de Ferrol.

22- A casa tiña unha horta na que eu pasaba o día escoitando o merlo que asubiaba na cerdeira, espreitando os niños das formigas e das avespas, collendo saltóns e arrenréns ou enxergando os xeitos dos coellos e das galiñas.

23: Dende había anos, alí pasabamos o verán. Pola azotea daba eu voltas no meu triciclo. E así esvaraba a miña vida de cazador de grilos e miñocas.

24: Estamos seguros de que na túa casa tamén estás desfrutando destes días especiais coa túa familia.

25: Os nenos e nenas de segundo estamos encantados de que pasedes un bo rato escoitándonos na nosa radio do cole.

26: Un programa moi especial dende as nosas casas, pero pronto sairán da nosa cabina de radio. Radio Experimental Cedeira. Que pasedes un bo día.

DESCRIPCIÓN

Para a elaboración do guión de radio levamos a cabo as seguintes actividades:

- Tarefa na Aula virtual de búsqueda de información sobre autor homenaxeado.
- Vincular webs de interese na Aula virtual para axudar ás familias nesa búsqueda de información.
- Creación dun Foro na Aula virtual onde as familias expuxeron as súas aportacións.
- Elaboración dun primeiro guión numerado, para que cada neno ou nena escollera varios números que lle gustaran para interpretar.
- Asignación de números a cada familia.
- Cada alumno/a reescribe a súa parte, cambia ou engade frases, escolle tono, son...

Unha vez elaborado o guión, gravaron nas súas casas empregando Whatsapp audio, xa que era unha ferramenta da que todos dispoñían. Houbo un caso que non tiñan ordenador e fixemos todos os pasos por whatsapp.

Cada familia enviou a súa gravación, despois de traballar con cada unha delas o significado e a pronunciación con aquelas familias de orixe estranxeira.

O seguinte paso foi a montaxe, para iso:

- Enlazamos na aula virtual distintas músicas e efectos sonoros para que as familias propuxeran ideas.
- As mestras comezamos a facer a montaxe en Audacity. Compartimos arquivo a través de googledrive.

Por último, o secretario do centro encargouse da subida do Podcast e publicación nas redes sociais e na páxina web do centro.

Foi un traballo verdadeiramente bonito e emotivo, xa que incluso aquelas familias máis desfavorecidas e descoñecedoras da nosa lingua fixeron un gran esforzo por participar.